

Acta N°3

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA PRAZA DE **LOCUTOR/A (PERSOAL LABORAL FIXO)** PERTENCENTE Á CONVOCATORIA DA OPE EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE NEGREIRA.

LUGAR; Salón de Plenos da Casa do Concello de Negreira.

DATA: 29 de novembro de 2024

HORA COMEZO: 12.00

HORA DE REMATE: 12.30 h

ASISTENTES;

Presidenta: Miriam Naveira Dono. (Secretaria do Concello de Negreira).

Vogais:

Vogal 1.- Sonia Ponte Esturao.- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira.

Vogal 2.- Sonia Nieto López.- Orientadora Laboral do Concello de Negreira.

Vogal 3.- Carmen Cerviño Leis.- Administrativa do Concello de Negreira.

Secretaria: Patricia Barreiro Casal .- Administrativa do Concello de Negreira.

Examinada a documentación final presentada de acordo co establecido na base décimo terceira das Bases xerais que rexen os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal publicadas no BOP núm.243 do 26 de decembro de 2022 este Tribunal determina:

Primeiro.-O candidato proposto para o posto de Locutor Laboral Fixo do Concello de Negreira, **Ovidio Martínez García**, entrega no prazo establecido a seguinte documentación;

- ✓ Título oficial esixido para o ingreso, e no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión de credencial que acredite a súa homologación ou estar en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación da documentación.
- ✓ b) Declaración xurada de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
- ✓ c) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.
- ✓ d) Certificado do número de conta bancaria.
- ✓ e) Documento da Seguridade Social onde conste o correspondente número de afiliación, no seu caso.

- ✓ f) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.(Celga)
- ✓ g) As persoas aspirantes deberán presentar certificado médico oficial que acredite que posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas. Todo isto sen prexuízo de posterior recoñecemento médico a efectuar polo Servizo de Prevención do Concello de Negreira.
- ✓ H) Cando as bases específicas esixan non ter delitos de natureza sexual, sempre e cando transcurran máis de seis meses dende a presentación da instancia, aportarán novamente o certificado de non ter delitos de natureza sexual. (NON SE REQUIRE)

Segundo.- Proponse á Alcaldía o nomeamento de Don Ovidio Martínez García como Locutor do Concello de Negreira como persoal laboral fixo.

E sen máis asuntos que tratar, o presidente declara rematada a sesión sendo ás 12,30 horas do día 29 de novembro de 2024. Asinado O Tribunal Seleccionador.-